



bases do coñcurso

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega convoca o VII Concurso de Relato Oral "Tíralle da lingua" de acordo coas seguintes BASES:

- 1ª As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou de creación propia.
- 2ª As historias contaránse en galego.
- 3ª Os/as participantes concursarán individualmente. Poderán participar cun máximo dunha historia. O tempo máximo para cada concursante será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación.
- 4ª O concurso vai destinado a tres niveis académicos:
 - 1) Primaria.
 - 2) 1º Ciclo de ESO.
 - 3) 2º Ciclo de ESO e ensino postobrigatorio.
- 5ª O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:
 - 1) A nivel de centro de ensino.
 - 2) A nivel nacional.
- 6ª Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posibles premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.
- 7ª A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros, realizarase antes do día 5 de abril enviando os datos do centro e o nome da persoa responsábel á AS-PG. R/ Laracha, 9-baixo. Tel. e fax 981 278 259, e-mail: informacion@as-pg.com ou lugo@as-pg.com.
- 8ª A fase final celebrarase o 19 e 20 de abril en Santiago, no Teatro Principal*.
- 9ª Na fase final concederáse un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima por valor de 150 euros.
- 10ª O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- 11ª O xurado emitirá o dictame o mesmo día da celebración do concurso.
- 12ª A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases

*A diferenza de anos anteriores, nesta ocasión o TÍRALLE DA LINGUA celébrase en dúas xornadas diferentes. O día 19 de abril pola mañá, participará infantil e primaria e o día 20 de abril, tamén pola mañá, secundaria e ensino postobrigatorio.